

Os medievais castelos rochedos de Santa Helena e Morgadáns no Val Miñor, en terra de Turonio

XAIME GARRIDO RODRÍGUEZ

COA COLABORACIÓN DE NATALIA ZUNZUNEGUI PÉREZ

ANTECEDENTES

No meu libro *Fortalezas de la antigua provincia de Tuy*, publicado pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en primeira edición no ano 1987, e en segunda no ano 2001, cometín os erros de non situar con exactitude os castelos de Santa Helena e de Morgadáns. O primeiro situeino a unha cota de 404 metros de altitude sobre o nivel do mar, que tanto a cartografía militar coma a do Instituto Xeográfico e Catastral chaman Pico do Castelo. Recoñecín non obstante a posibilidade dun asentamento medieval ao dicir no libro: “máis abaixo cara ao sueste, e na cota 306, atopábase un empinado outeiro a media ladeira chamado Outeiro dos Mouros, onde polos restos ollados puidera haber tamén un asentamento medieval”. E o segundo, ou de Morgadáns, púxeno nun outeiro de cota 224 metros, en Chaín, chamado tamén Castelo na sinalada cartografía. O apresuramento e a falla de tempo non me deixaron investigar os arredores, confiando de máis nunha cartografía onde os nomes non se puxeron no sitio exacto. Tamén e certo que me deixei guiar pola situación de máximo dominio visual e dos comentarios de algún veciño, como foi no caso do castelo de Morgadáns. Vaian por diante as miñas desculpas.

Hai un tempo contando coa xentileza do Club Espeleolóxico Maúxo (CEM), e da man de Xabier Groba González e outros amables acompañantes, fun ver, unha tarde soleada do mes de agosto, os posibles sitios onde se ergueron os medievais castelos de Sta. Helena e de Morgadáns, que tantas veces aparecen citados en documentos dos séculos XII e XIII principalmente, sobre todo o primeiro. Nestas datas, a terra de Turonio, onde se atopan os sinalados castelos, desempeñaba un sobranceiro papel na vida político-administrativa, como di Manuel Fernández Rodríguez no seu libro *Turonium*¹.

Ámbolos dous castelos tiñan como principal característica o asentamento sobre dous elevados e case inaccesibles outeiros rochosos. Eran, pois, dous castelos rochosos que tiñan un gran dominio visual, principalmente o primeiro, sobre o Val Miñor.

A documentación sinalada no meu libro é válida para a súa descrición histórica, e polo tanto volvemos a utilizala aquí tamén, aínda que máis desenvolvida, co risco que sempre se ten de que non sexa correcta no cen por cen.

O castelo de Santa Helena puido estar situado no outeiro ou Coto dos Mouros, cerca de Nandín (Nigrán), a uns 450 metros en liña recta cara ao SO.-O. do chamado na cartografía Pico do Castelo, e onde eu o situaba primeiramente no meu libro. O de Morgadáns estaría a uns 250 metros en liña recta cara ao sur do chamado castelo na cartografía antiga e corrixido na nova, é dicir, no chamado Coto do Abade, en Chaín (Gondomar). Eu situábao no Coto da Teixugueira, ou Pedrouco segundo a nova cartografía, onde ao parecer se atopou cerámica castrexa. Xa José Espinosa Rodríguez no seu libro *Casas y cosas del Valle Miñor*, publicado en 1951, ao falar de Chaín, na páxina 67 dicía: “Queda dicho al hablar de Morgadanes, que Chaín formó parte del territorio de Morgadanes, y que lo que llaman Coto del Abad, o sea el lugar del Castelo, es el sitio donde tubo asiento el castillo de Morgadanes”.

A partir do documento de 1179, do rei D. Fernando II^o, empeza a aparecer a palabra Toronio ou Turonio como sitio ou rexión onde se atopa o castelo de Santa Helena, situado na terra de Miñor, o que quere dicir que esta última se encontra dentro de Turonio. Imos falar un pouco sobre a mesma.

A primeira noticia que temos sobre Turonio é a que nos transmiten algúns autores, e que ten por base o *Cronicón* de Hidacio (primeiro cronista español nacido na Limia –Gallaecia– arredor do ano 390)³ no cal, cara ao ano 445, di que os vándalos chegaron ás costas de TURONIUM e levaron prendidas a moitas familias. Isto acontece no dominio suevo (412-585), en tempo de Reckila (441-448)⁴. Máis tarde, no *Parrochiali Suevum*, que tamén se chama *Divisio Theodomiri e Concilium lucense anno 569*, unha das igrexas que se establece para a sede de Tui é TURO-NIO, á parte das de Turedo, Tabulela, Lucuparre, Aureas, Langetude, Cerisiano, Marcilians, Celesantes, Toruca, e ademais os territorios de Aunone, Sacria, Erbilione, Cauda, Ovinian e Cartense⁵. Isto quere dicir que hai posibilidades de que Turonio fose un “oppidum” ou un gran castelo con poboación que dominaba nos seus comezos unha terra ou parroquia que foi estendéndose ata chegar a ser a que nos sinala Manuel Fernández Rodríguez no seu libro *Turonium*, cos seguintes límites: ao sur o río Miño, ao leste o río Avia e parte do Miño, ao oeste o Océano Atlántico, e ao norte o río Avia e a terra de S. Xoán de Penacorreira; e estenderíase polas alturas da serra de Suído e o monte Galleiro ata a ría de Vigo. Polo nome, este primeiro castelo ou recinto fortificado puido ser o chamado hoxe en día Castelo de Torroña, que abrangue unha superficie de 3.600 m² no seu interior, distinguíndose a base ou cimentación dos seus muros con grandes pedras fitas cun ancho de 2,20 metros. Ao redor deste castelo, máis ou menos lonxe, atópanse os antigos mosteiros⁶: de Donas (Val Miñor) ao norte, a uns oito km.; Loureza (O Rosal) ao sur, a pouco máis de catro quilómetros e medio; Barrantes, a catro km., e Tomiño, a sete, ao sueste os dous; e Oia ao sudoeste, a seis km., sobre o océano Atlántico. Como xa se sabe todos desaparecidos, menos o de Oia. Creo que é moi significativo isto para a importancia desta rexión na Idade Media.


Curiosamente, e sen coñecer o castelo de Torroña, dicía Avila y Lacueva: “...*Era Turonio una Plaza ó castillo muy principal de bastante capacidad y fuerte, no solo por su situación, sino por sus muros y defensa que le guarnecía, lo que le constituía el primero entre los muchos que en la antigüedad había en esta tierra para defensa del país; y segun varias escrituras de aquellos tiempos tenía el titulo de S^{ta} Elena...*” Confirma-

se que o castelo de Santa Helena non tiña nada que ver co castelo citado. Aínda que este autor non é moi de fiar en todo o que di, podía haber algo de certo na posibilidade que apuntamos de ter Turonio o seu propio castelo nos seus comezos.

O CASTELO DE SANTA HELENA

A DOCUMENTACIÓN MEDIEVAL

A documentación histórica máis antiga sobre o nomeamento dun castelo na terra de Turonio aparece na doazón de D. Raimundo de Borgoña e dona Urraca




Documento da doazón feita por D. Raimundo e D. Urraca no ano 1106 a Pelayo Gómez e a súa dona do coto de Vilaza (A. C. Tui, 5/1).

das súas posesións de Vilaza a Pelagio Godareiz e a súa muller Mayor, feita no ano 1106, onde aparece o castelo da Igrexa de Tui chamado Santa Helena, en terras do val Miñor, como xa se ten dito. O nomeamento deste castelo faise nun dos máis antigos documentos que se gardan no interesante e imprescindible Arquivo Diocesano da Catedral de Tui, sinalado como documento 5/1 e transcrito no século XV no Libro Becerro, no folio 41; así mesmo, publicárono, con pequenas pero significativas diferenzas na interpretación dalgunhas letras ou palabras, parcialmente, en *El bajo valle del Miño*, C. Pallarés Méndez e E. Portela Silva. E na súa totalidade no libro *Documentos medievales del Reino de Galicia: Doña Urraca (1096-1126)* de varios autores. Descoñezo se a transcripción do documento que está escrito en latín medieval se fixo do orixinal ou do Becerro, porque aínda entre os dous hai diferenzas. Non vamos afondar nelas xa que sería cousa doutro traballo, soamente trataremos a modo de exemplo unha delas que coído importante.

No primeiro libro do que falamos transcríbense dúas palabras da seguinte forma: *Salvatoren de Gandari*, no segundo: *Salvatorem de Gandariari*, no Libro Becerro transcríbese en letra gótica *Salvatorem degudeniari*, e no documento orixinal poderíase interpretar como *Salvatorem de Gunderiari* ou mellor aínda: *Salvatorem de Gundemari*, o que se referiría a Gondomar, que é o máis probable, xa que o Coto de Vilaza, do que estamos falando, coincidiría máis ou menos

documentos que se gardan no interesante e imprescindible Arquivo Diocesano da Catedral de Tui, sinalado como



Sinatura de D. Urraca do sinalado documento de 1106.

coa actual parroquia que chega cerca da citada vila. Aínda que a actual advocación sexa S. Bieito de Gondomar, no documento 1/7 e 1/8 do A. C. de Tui do ano 1156 aparece en terras de Miñor a “*ecclesia sancti Salvatoris de Gondemar*”, é dicir, que pasou de S. Salvador a S. Bieito.

Os nomes que aparecen para fixar os lindeiros do coto de Vilaza son: *Varcena rotunda*, *Fontanum* (Fontán?), *Villam Azam* (Vilaza), *Eirola* (monte Eiró?)⁷, *Letunias*, *Sobreira ventosa*, *Castellum Sancte Elene* (castelo Santa Helena), *flumen Minoris* (río Miñor), *Pelagum Nigrum* (Pego Negro), *Portellam* (Portela ou Portelo), *Grovam* (Groba?), *Salvatorem de Gundemari* (Salvador de Gondomar), *Squilatam*, *ecclesiam de Paratella* ou *Paracella* (daría Paradela).

Deste documento o que máis nos atangue é o que se refire á situación do castelo de Sta. Helena cerca do límite do Coto de Vilaza no Val Miñor, en Nigrán. Reproducimos o párrafo que nos mostra a situación do castelo de Sta. Helena: “...it per illam viam curritoriam sub castellum sancte Elene, et vadit per retortum et inde ad flumen Minoris dicunt pelagum nigrum...”, que con máis ou menos acerto podemos traducir como: “...e vai polo camiño que pasa baixo o **castelo de Santa Helena** e segue avanzando dando a volta e de aí en dirección ao río Miñor onde lle chaman Pego Negro...” A igrexa parroquial de Vilaza atópase a pouco máis dun quilómetro e medio en liña recta dende o Coto dos Mouros, onde situamos o castelo sinalado.

Debemos corrixir aquí o que dixen no libro das *Fortalezas de la antigua provincia de Tuy* ao respecto do nome Pelagus Nigrun para indicar a posible derivación do nome de Nigrán, cando é moito máis apropiado á realidade que dea orixe ao nome de Pego Negro. Aínda que a palabra latina “*pelagus*” ten un significado de mar e a palabra “*flumen*” de río, aquí neste caso débese ao parecer a que o río Zamáns onde aparece o topónimo é moi fondo e a súa canle ten unha poza ou un ancheamento cuberto pola vexetación circundante que lle dá a cor negra.

Dende moi pronto, quizais dende a súa ignorada orixe, o castelo de Sta. Helena foi da igrexa de Tui. Primeiramente co emperador Alfonso VII e despois cos reis Fernando II, Alfonso IX, Sancho IV e Fernando IV, ata a executoria da Chancelería de Valladolid de 1499, confirmase sempre esa pertenza, aínda que temporalmente fose usurpado pasando a outras mans e incluso fora finalmente deixado en abandono.

O emperador Alfonso VII (1126-1157) confirma e reafirma todo o que os antepasados ou devanceiros achegaban á igrexa tudense, e engade outras no ano 1142 (“*Idem Imperator omnia quae Parentes & Avi Ecclesiae contulerant Tudensi confirmat, & alia adjicit. era 1180. An. 1142*”). Mais adiante prosigue: “4. *Adjiciendo etiam do vobis in perpetuum hereditario jure Castellum S. Helenae in terra de Mineor, cum omnibus suis directuris & terminis, sicut eos habere, velhabuisse dignoscitur, montibus, vallibus egresibus, & ingresibus, terris, vineis, pratis, aquis, pasquis, molinis, hortis, & cum omnibus aliis rebus eidem Castello pertinentibus, quocumque loco potuerint inveniri*”. Que máis ou menos quere dicir: “4. Tamén outorgo a vostedes a perpetuidade con dereito a herdanza o Castelo de Sta. Helena en terra de Miñor con todos os seus lindeiros e termos, como se recoñece que o teñen e tivérono, montes, vales, saídas e entradas, terras, viñas, prados, augas, pastos, muiños, hortas, e con todas as demais cousas que pertencen a dito Castelo, en calquera lugar que estas puideran atoparse.”


Morgadáns non debía ter aínda moita importancia, coma tampouco aparecen os de Torroña e o do monte Galiñeiro, pór citar algúns máis.

Onde hoxe se sitúa o edificio do concello de Nigrán, lugar chamado Vilameán, próximo a Panxón, en 1220 Fernando Yáñez e Pedro Fernández venden ao mosteiro de Oia un casal: “*Villamediana (Vilameán), iusta Pandion (Panxón), in termino Castelli de Santena*”¹¹ (castelo de Sta. Helena). Como podemos ver, as referencias ao castelo de Sta. Helena son constantes, o que supón a importancia do mesmo.

Facemos un alto no camiño da historia do tan repetido castelo para dicir que no ano 1288, segundo un documento do tan reiterado arquivo da Catedral de Tui, o rei D. Sancho IV (1284-1295) outorga ao bispo de Tui D. Juan Fernández de Sotomayor (1286-1323) “...ponga su juez et su merino en el su abbadengo de Salceda et en el coto de vilaza, segun los pone en los cotos dela yglesia de Tui...”¹², isto é, que o Coto de Vilaza pertencía xa á igrexa de Tui dende había xa bastante tempo. Xa o emperador Alfonso VII, no anterior citado documento de doazón á igrexa de Tui dicía: “...in terra de Mineore Ecclesia S. Mariae de Vila-za cum cauto & partinentiis suis, Ecclesia S. Vincenti integra, Ecclesia S. Mariae de Morgadanes...”

Cara a finais do século XIII o castelo atopábase abandonado e medio derrubado, tal como denuncia, no ano 1295, un privilexio¹³ polo que o rei D. Fernando IV

(1295-1312), fillo de D. Sancho IV, concede ao bispo de Tui (anteriormente citado) o castelo de Sta. Helena, con Zamáns e outras terras. Como queira que se entenden ben os escritos en castelán desta época, transcribo as partes que máis nos poden interesar: “...*Por que me dixeron que el castiello que llaman de santella que es en tierra de toronno esta yermo et que es cayda una partida del et que es lugar et que esta en frontera de Portugal et que si algunos omnes malfechores sea cogiesen a el que podrian del fazer gran danno en la tierra ... et por que vos don Juan obispo de Tui chanciller de la rreyna dona Maria mi madre me mostrastes previllegio del enperador que aquel castiello fue dela yglesia de tui ... do a vos don Juan obispo sobredicho et a vuestros subçesores et ala yglesia de tui el castiello*



Privilexio de Fernando IV (1285-1312) de 1295 á igrexa de Tui. Nestas datas ao castelo de Sta. Helena dábaselle o nome de *Santella* ou *Santiella*. (A. C. de Tui, 1/13, transcrito no Becerro S. XV).

llo sobredicho de santella con çamaes et toda la otra tierra et con todos los lugares que perteneçen a este castiello et con todos sus terminos con montes con fuentes...”

No preito iniciado polo bispo de Tui D. Pedro Beltrán (1487-1505) demandando a xurisdición e señorío do val Miñor fronte á usurpación da vila de Baiona de Miñor, achégaselle a contestación da Chancelería de Valladolid cunha executoria datada no 29 de novembro de 1499¹⁴ que é moi reveladora. Nela asegúrase que a xurisdición do castelo de Santel collía as freguesías de Parada, Nigrán, Borreiros, Vilaza, Donas, Mañufe e Camos. Estas parroquias, pertencentes aos municipios de Nigrán e Gondomar, agrúpanse ao redor do Monte Castelo e Coto dos Mouros,

neste último onde situamos o castelo de Sta Helena, polo seu lado oeste e sur (onde se estende o val de Miñor).

Esta executoria atópase no arquivo da catedral de Tui, no Libro Becerro, folios 99 e seguintes, que totalizan uns catorce.

Nesta executoria fálase que no tempo do bispo D. Luís Pimentel (1441-1467), o tirano reconstruíu o castelo de Sta. Helena, agora chamado de Santel, desposuíndo á igrexa de Tui o señorío que tiña sobre o mesmo no val Miñor, e o mesmo fixera a vila de Baiona: “...*en tiempo del obispo don pimentel dela dicha yglesia que hedificara el castro de santel desde donde robaban y mandaban robar como tiranos los vezinos y moradores de la villa...*”

O “tirano” neste caso non é outro que Álvaro Páez de Soutomaior (1435-1468), que se fixo forte no castelo de Santa Helena, apropiándose dos bens que dende tempos inmemoriais viña posuíndo o bispo de Tui. Esta pertenza continuou o seu sucesor Pedro Álvarez de Soutomaior (1468-1486), conde de Camiña, en tempos do bispo D. Diego de Muros (1471-1487), que o fixo preso e foi levado a Portugal encerrado nunha gaiola durante uns quince meses. Mediante escritura dos reis católicos D. Fernando e D^a. Isabel de maio de 1482, despois de estar a igrexa de Tui “tiranizada” uns trinta e tres anos quedou liberada xuntamente co bispo.


Detalla o documento sinalado que constaba que o dito castelo de “Santel” cos seus termos, vales, montes e pertenzas, fóronlle dadas ás sete freguesías sinaladas, e que de cento, douscentos ou trescentos anos, as ditas freguesías foron propias do castelo de “Santel” e a el anexas e debaixo da súa xurisdición, o que quere dicir que era do bispado de Tui. Como xa se sabe, estas parroquias do val Miñor rodean a base do monte Pico Castelo ou, o que é o mesmo, están debaixo do Coto dos Mouros, onde como xa dixemos situamos o castelo Sta. Helena.

Cara a 1452 o castelo debía estar xa reedificado como o fai supoñer un documento do arquivo do convento de Sto. Domingo de Tui, onde o escudeiro de Álvaro Páez de Soutomaior, Gómez Lorenzo de Lamela, establece unha cláusula testamentaria pola cal “... seus cumpridores vaian despois do seu pasamento ao val de Miñor e paguen dos seus bens os gandos e mais cousas que atopen para a provisión do castelo de “Senlle” polo mandato de dito Álvaro...”¹⁵

O castelo de Sta. Helena, arruinado dende fins do século XIII ata mediados do XV, que foi restaurado para o goberno dos señores feudais da casa de Soutomaior, debeu caer outra vez en abandono se é que non foi derrubado pola Orde Real dos Reis Católicos de 1482. Dende a última documentación que sinalamos referente ao castelo non atopamos outra, nin mención ao mesmo, e as pedras que o compoñían serían aproveitadas polo bispado, que era o dono, para facer novas igrexas parroquiais, ou tamén poderían ser roubadas polos veciños para facer casas, peches ou lastrar camiños.

SITUACIÓN, ASPECTO DEFENSIVO, RESTOS E NOMES DO CASTELO

Dá a entender Avila y Lacueva falsamente que Flórez colocaba o castelo de Sta. Helena en Torroña, pero o que este historiador situaba en Torroña era Toroño ou Turoño. O historiador tudense sitúa o castelo denominado Santella e tamén de Senteella no monte Galñeiro, antigo coto de Zamáns e das parroquias de Vincios (Gondomar)




Situación do castelo Sta. Helena e a súa área de dominio do Val Miñor.


e Zamáns (Vigo), e o castelo chamado de Sta. Helena, que o diferencia dos anteriores, sinálao como “Plaza ó Castillo”, e pono en boca do historiador Henrique Flórez dicindo que o situaba en Torroña. Manuel Fernández Rodríguez tamén se equivoca ao situalo no mesmo monte do Galiñeiro. O motivo desa equivocada situación hai que buscalo nunha mala interpretación do privilexio do rei D. Fernando IV ao bispo de Tui D. Juan, de 1295, onde o P. H. Florez di: “...sacó confirmación de la Donacion del Castillo de Santella y Çemans (actual Zamáns) en tierra de Toroño, frontera de Portugal...” No libro *Toronio*, Manuel Fernández na páxina 209 di: “...El castillo de Santa Elena habia sido donado al obispo de Tui, juntamente con Zamanes y toda su tierra por el rey Fernando IV el 12 de agosto de 1295...” Zamáns atópase xusto debaixo do alto monte do Galiñeiro. Ningún dos dous acerta co sitio como xa temos comprobado coa abundosa documentación sobre o dito castelo de Santa Helena, situado onde dixemos, en terra de Miñor. Aínda que ningún dos dous tivo ocasión de comprobalo, no escarpado pico do monte Galiñeiro persisten restos de muros, ou mellor dito, de murallas cunha media de dous metros de anchura, de cantaría e cachotes ciclópeos e pedras fitas, que supoñen a existencia dunha fortaleza de altura quizás da primeira época medieval, pero da que non coñecemos documentación ningunha, nin temos datos, nin sabemos cal era ou é o seu nome. Como se comproba pola abundosa documentación medieval, non se pode admitir a situación do castelo de Sta. Helena no Galiñeiro baixo ningún concepto.

Ao fondo do val do río Miñor, que baña os municipios de Nigrán, Gondomar e Baiona, pechando polo leste temos o monte chamado Castelo, co pico do mesmo nome, cunha cota de 404 m. sobre o nivel do mar, atopándose este a uns cinco quilómetros, cun litoral de ampla praia dentro da ría de Baiona. Dende esta altura, e mesmo dende o Coto dos Mouros de cota 306 m. onde situamos o castelo de Sta. Helena, dominase todo o fértil Val Miñor e consecuentemente todo o municipio de Nigrán e a maior parte dos de Baiona e Gondomar.

O Val Miñor forma unha comarca natural aberta ao mar polo oeste e pechada polo nor-




Seccións do pico ou monte Castelo no Val Miñor (Nigrán, Gondomar e Baiona) e a súa posición de dominio no fértil val.



Plano topográfico co asentamento do castelo de Sta. Helena.

te, leste e sur por unha serie de cadeas montañosas que o illan dos veciños vales: do Fragoso, do Louro, Tebra-Tomiño e do Rosal. Polo norte, protéxeno as alturas Outeiro Grande (452 m.) e o Alba co Cepudo (526 m.); polo leste, a Serra do Galiñeiro (702 m.), da que forman tamén parte o monte Aloia (629 m.) e o San Antoniño (592 m.); e finalmente polo sur o alto de Pereiras (480 m.) co Tetón (463 m.), o alto do Cereixo (438 m.) e a Groba (652 m.). Este dilatado val é bastante chan e moi suave en pendentes ata a cota dos 200 metros, a partir da cal elévanse as ladeiras dos montes descritos. Está regado principalmente polo río Miñor, o seu afluente o Zamáns e o río Groba, desaugando ámbolos dous na Foz, no límite da praia da Ladeira xunto ao monte Lourido.

O Pico Castelo sitúase case no centro do Val Miñor, e debido a isto, señorea o territorio en redondo dominando tamén toda a ría de Baiona que se atopa, coma quen di, aos seus pés. Esta privilexiada situación non podía ser desaproveitada polo señorío feudal (neste caso o da igrexa de Tui) para a súa defensa e control económico dunha comarca agrícola e gandeira moi rica. Os vellos portos de Panxón (antigo Pandion ou Paniom) e o de Baiona (antiga Erizana), pechando a cadea de praias da ría de Baiona polo norte e o sur respectivamente, contemplaban este vantaxoso emprazamento. Aínda que o Coto dos Mouros onde emprazamos o castelo de Sta. Helena estea cerca de cen metros máis baixo que o veciño pico do Castelo, pódese dicir que o dominio visual é case o mesmo.




Seccións transversais da situación do castelo de Sta. Helena.

A principal razón pola que se elixiu este sitio máis baixo témola no gráfico das seccións transversais que presentamos, é dicir, é un promontorio moi empinado de alta base rochosa que ofrece as mellores condicións de defensa ante un ataque inimigo. Estas altas e verticais rochas da base, algunhas teñen unha inclinación cara a fóra que vai en contra do atacante que pretendere escalala, fan xa de murallas inexpugnables e imposible o seu minado subterráneo ou mesmo se se quere facer a altura do nivel do terreo. A altura desta base rochosa defensiva natural debe acadar máis dos vinte metros na parte máis alta.

O dominio visual da zona do leste, a única que queda cuberta das vistas, podería levarse a cabo por medio dun posto de vixilancia dende o alto do monte ou Pico Castelo, namentres que o que ofertaba a mellor defensa era o chamado hoxe en día Coto dos Mouros ou miradoiro do castelo.


Na parte alta aflora a rocha, e algunhas delas están formadas por enormes penechos ou batolitos que caen en vertical cara ao leste, sur e oeste. A parte alta ou de asentamento do castelo é alongada e estreita cunhas catro plataformas máis ou menos diferenciadas. Tres están case á mesma altura, e a que se sitúa máis ao noroeste está uns seis metros máis baixa, e é aquí a onde chega o camiño de acceso, e ata onde podería achegarse a cabalaría. Para acadar a parte máis alta, dedicada hoxe en día a miradoiro, fixéronse unhas escaleiras con chanzos de granito que en liña de zigzag permiten o seu fácil acceso.



Vista dende Nigrán do monte Castelo e a situación do castelo de Sta. Helena (marcado por frecha); ao fondo o monte e a serra do Galifeiro.

de terra con restos de cerámica, e rodeadas dos rochedos que fan de paredes e afloran na parte alta aínda que estean un pouco máis baixas que o chan de terra da parte alta, a onde se chega como xa dixemos subindo as empinadas e novas escaleiras de acceso.

As murallas do castelo arrincarían dos bordes das plataformas, enriba dos rochedos naturais que as bordean, e desta forma constituirían unha continuidade cos altos e verticais penedos da base. Sería un castelo moi alongado e bastante estreito en proporción. Poderíase dicir que non necesitaba torre de homenaxe para a súa defensa, porque todo o castelo sería en si unha grande torre alongada duns 40 metros en sentido SE-NO, e duns 10 a 12 metros do NE ao SO. As murallas da plataforma situada máis ao NO, moi alongada e estreita que podía acoller a cabalaría, tiña que ter o recinto defensivo máis baixo, uns cinco ou seis metros, por ter ese desnivel coas terrazas máis altas do SE. Nesta baixa plataforma distínguense tres chanzos moi erosionados, escavados na rocha que aflora á superficie para salvar un pequeno desnivel.




Outra vista máis achegada da situación do castelo de Sta. Helena.

Nas rochas que afloran nas partes altas do piso do castelo distínguense labras artificiais, posiblemente para dar asento ás pedras de cantaría dos muros. Tamén se observan diversos tipos de buracos redondos e alongados para fixación de columnas ou piares de madeira con seguranza. No alto, ao redor e en partes máis baixas aparece bastante cerámica dos tellados ou cubertas do castelo ou das construcións que no seu interior habería.

O Club Espeleolóxico Maúxo, nun libro recén publicado co título de *As covas de Vincios*, dedica varias páxinas ao Coto dos Mouros, que como xa dixemos identifica co castelo de Sta. Helena, e di que "...segundo varias testemuñas veciñais de primeira man, a ruína dalgúns muros do castelo aínda eran visibles ata entrada o século XX..."; e segue "...Cando en 1993 se fixo na zona unha zona recreati-

va, a construción da explanada a pé do coto mais a construción da escaleira e da varanda de acceso, outeiro arriba, levantaron mancheas de anacos cerámicos e doutros restos, así como perpiaños e obxectos...”

De acordo coa documentación medieval coñecida, o castelo de Sta. Elena foi designado con nomes que evolucionaron e cambiaron co tempo, mantendo máis ou menos a súa fonética: SANCTE ELENE, S. HELENAE, SANCTE HELLENE, SANCTA HELENAM, SANTENA, SANCTENIA, SANTELLA, SANTEL e SENLLE.



A situación do castelo de Sta. Helena dende Gondomar.



O rochedo ou Coto dos mouros, cume da situación do castelo de Sta. Helena (Nigrán).


Unha vez máis temos que incidir que dende o alto deste Miradoiro do Castelo, como se chama agora, onde pensamos que se situaba o castelo de Sta. Helena, domínase con toda a súa grandeza o espléndido e zumarento Val Miñor, coa ría de Baiona pechada pola gran cuncha que forman as brandas praias da Ladeira, América e Panxón. O panorama é completo, albíscase a entrada da ría de Vigo coas illas Cíes ao fondo e todo o Val Miñor coas alturas que o bordean e limitan.



Chan aproveitado para merendeiro e ociosidade ao pé do Coto dos mouros onde se sitúa o actual miradoiro do castelo.




O acceso ao miradoiro do castelo e a antiga situación do castelo de Sta. Helena.




Colosais rochedos compoñían o alicerce ou base do inexpugnable castelo de Sta. Helena.



Recente escaleira feita de pezas graníticas que permiten subir á parte máis alta do miradoiro do castelo.




Chegada ao miradoiro ou base do antigo castelo de Sta. Helena.




A plataforma máis baixa a onde podían chegar as cabalgaduras. Está situada cara ao norte e está uns seis metros máis baixa que o resto da alongada e estreita base.




Vista da rocha granítica que compón a plataforma máis alta e cara ao sur.




A plataforma intermedia sustentada por ámbolos dous laterais por grandes rochas graníticas.




A plataforma rocheda do antigo castelo de Sta. Helena co amplo Val Miñor aos seus pés.




Plataformas rochedas graníticas baixa e alta cos chanzos de subida á esquerda.





Vellos e desgastados chanzos feito na rocha granítica para salvar o desnivel da plataforma inferior.





A plataforma do castelo no primeiro plano coas máis fermosas vistas do Val Miñor, Baiona e o océano Atlántico.





As vista cara ao noroeste co Val Miñor embaixo e ao fondo Panxón, Monteleirro, Illas Cies e a ría de Vigo.



Labras artificiais feitas na rocha base para dar asento ás pedras de cantaría dos muros do castelo de Sta. Helena.



Labras e buracos artificiais feitos nas rochas para o asento do castelo de Sta. Helena.



Diversos buracos e labras na rocha base do emprazamento do castelo de Sta. Helena.


O CASTELO DE MORGADÁNS (CHAÍN. GONDOMAR)

No lugar e igrexa de Chaín, e na parroquia do mesmo nome, do municipio de Nigrán, a uns 140 metros da estrada de Vincios a Couso (PO-341), e a uns cen metros da capela da Nosa Sra. das Mercedes e o centro social, elévase un pequeno outeiro cunha cota de 191 metros sobre o nivel do mar chamado polos veciños Coto do Abade. Sobre este montículo rochoso asentábase na Idade Media o castelo de Morgadáns. A base está formada por grandes penedos, aínda que non tan altos coma os do castelo de Sta. Helena, pero parecidos aos deste último, con caídas bastante verticais que o fan inaccesible cara ao sur, oeste e norte, e un difícil pero factible acceso polo leste. Domina a parte alta do río Miñor comprendendo as freguesías de Morgadáns, Chaín, Peiteiros e Gondomar. Cara ao norte e a uns 200 metros atópase o Coto Teixugueira, e a 600 metros tamén ao norte o Coto Espiñeira, ámbolos dous vinte metros máis altos que o do Abade. Pedro Díaz¹⁶ e Hidalgo Cuñarro¹⁷ sinalan a existencia de anacos de cerámica castrexa moi deteriorada. Este último di que no Coto Espiñeira se encontraron restos de muros e cerámica medieval, polo que podería considerarse a existencia dunha torre complementaria, máis ben de vixilancia do propio castelo de Morgadáns para controlar o acceso da parte norte, á altura de Pego Negro. No propio mapa topográfico do MOPU repítese o nome de castelo a esta altura. Destes tres cotos moi próximos, foi escollido o que estaba máis ao sur polo seu mellor dominio da parte superior do Val Miñor e tamén por amosar unha mellor defensa polos rochedos da súa base.

Avila y Lacueva asegura que co nome xeral de Morgadáns era coñecida antigamente a terra que hoxe ocupan as parroquias de Morgadáns, Chaín e Peiteiros, e de aí que se chamara castelo de Morgadáns a pesar de atoparse na freguesía de Chaín.


Na parte alta do outeiro ou Coto do Abade hai labras artificiais nas rochas que afloran á superficie, seguramente para asentar muros, e na parte nordeste atópanse restos de pedras traballadas unhas enriba doutras, como formando un muro ou muralla exterior. Na subida, e entre a terra, encóntranse anacos de cerámica medieval, tanto de louza coma de tellas. A base do castelo non era moi grande, e incluso o mesmo castelo podería ter unha torre de homenaxe para facelo máis activo e defensivo. Hai vivendas moi próximas, polo que as pedras do castelo tiveron que ser moi ben aproveitadas, aínda que tamén se empregaran para a capela ou a igrexa veciñas.

Na confirmación do emperador Alfonso VII de pertenzas entre a mesa episcopal e a capitular do bispado de Tui, de 1156, fálase xa de Morgadáns, pero non como castelo, senón como "... *ecclesia Sancte Marie de Morgadaes integra...*"¹⁸ (hoxe Santiago de Morgadáns), o que non quere dicir que o castelo non existira xa e estivera nas mans dun "Tenente" ou un gobernador que dependera do emperador e non fora da igrexa de Tui como di Avila y Lacueva.



Situación do castelo de Morgadáns e o veciño e máis maxestoso de Sta. Helena ao seu noroeste.

O historiador tudense, ao referirse ao castelo de Morgadães di: “...*El castillo de Morgadanes, y tambien de Mogardos fue asi mismo uno de los principales de nuestro pais, y se halla frecuentemente nombrado en las escrituras antiguas, y a imitacion de otros estaba puesto por el Rey al cuidado de un sugeto que le guardase en su servicio y le gobernase...*” Poucos anos despois, en 1170, Fernando II doa o castelo á igrexa de Tui.



Dous perfís do coto do Abade, onde se achaba o castelo de Morgadães.

Manuel Fernández, seguindo sempre a Lacueva, sinala os mesmos documentos dicindo quen eran os “tenentes” ou gobernadores do citado castelo a finais do século XII e comezos do XIII. O primeiro é de setembro de 1190 e sinala a “...*Pelagius Muniz tenens Soberosum et Morgadans...*”¹⁹; o outro, de abril de 1201, consistente nun privilexio de Alfonso IX ao mosteiro de Oia, subscibe que “...*Fernando Petri Churruchao tenente Morgadanes y Iohanne Muni tenente Taraes...*”²⁰ Estes

documentos, ademais de facer referencia ao castelo de Morgadães tamén poden conter a terra que dominaban.

A primeira referencia ao castelo é de 1170. Un diploma do rei Alfonso IX, de 1228, no que ratifica a doazón ao bispo de Tui que fixera o seu pai Fernando II en 1170, onde abundando no documento polo seu interese polos nomes da rexión se di: “...*Damus etiam vobis in terra de Miñor Ecclesiam S. Martini de Burreiros cum omi jure suo, quod nos hucusque in ea habuimos. Cautamus etiam vobis ipsam Villam S. Martini sub Castello de Morgadanes inter faucem fluvii de Miñor, & montem Zerasii adjacentem, scilicet per murum qui est inter olivares, & s. Martinum, & inde per portum de Espinario, inde ad per marcos qui sunt inter Lausadum & S. Martinum, & inde ad fontem inter Baeirum & Guntin, inde ad fluvium montis Ulbariae & ad aquam de Ansaldi, inde ad montem qui est inter Arteman & S. Martinum, inde per locum qui vocatur Civitas antiqua, inde ad*



O coto do Abade (Chain, Gondomar), onde se situaba o castelo de Morgadães, visto dende o leste.




O mesmo coto visto dende o sur coa capela da Nosa Sra. das Mercedes no primeiro termo, visto dende o sur.

murum quo inchoavimus...”²¹, que con bastante aproximación podemos traducir en: “Concedemos a vostedes en terra de Miñor con todo o dereito que nela teñamos. Damos tamén a propia vila de S. Martín baixo o castelo de Morgadáns entre a canle do río Miñor e o monte adxacente Cereixo. Tamén a través do muro que está entre oliveiras e S. Martín e de alí a través do porto de *Spinario* (Os Piñeiros?), despois a través dos marcos que están entre o Lousado e S. Martín, logo cara a fonte entre *Baeiro* (Bandeira?) e Guntín, logo cara o monte *Ulbaria* xunto a auga de *Ansaldi*, logo cara o monte que está entre *Artemas* e S. Martín, a continuación a través do lugar que se chama cidade antiga e de alí cara o muro do que partimos.





Os rochedos base do asentamento do castelo de Morgadáns.



Restos de pedras traballadas formando parte dun antigo muro do castelo.


O lugar de Martín está situado a pouco máis dun quilómetro ao sur de Gondomar, sobre unha estreita estrada que vai directamente a Couso. Situado entre o río Miñor e o monte Cereixo, como di o documento citado, vese ao noroeste, situado a unha distancia de pouco máis de dous quilómetros, o Coto do Abade onde se situaba o castelo de Morgadáns.



Labras artificiais feitas na rocha base do curuto do coto do Abade para asentar e fixar os muros do castelo de Morgadáns.

Aínda que Avila y Lacueva nos di que este castelo se achaba frecuentemente nomeado nas escrituras antigas, só nos sinalou dúas. Á vista disto non é moito o que se sabe sobre este castelo rochedo, que tampouco podía ser moi grande polo

pouco espazo que ten o cume do outeiro, e ademais a súa importancia quedaría escurecida polo veciño, estratexicamente situado e grandioso castelo de Sta. Elena (situado a dous quilómetros e medio ao NO).



Escudos nobiliarios fixados na fachada da capela de Nosa Sra. das Mercedes (Chain). Descoñécese se tiñan algunha relación coas armas do veciño castelo de Morgadães.

NOTAS

- 1 Fernández Rodríguez. M., Turonium.
- 2 A.C. Tui. 3/11. Fernando II asigna á igrexa de Tui o castelo de Sta. Helena entre outras cousas. Galindo Romeo. *Tui en la Baja Edad Media*, documento XIII.
- 3 Seijas Vázquez. E., palabra "Hidacio" na "Gran enciclopedia gallega"
- 4 Torres Rodríguez. C.. La Galicia Sueva.
- 5 Flórez. H., tomo XX e Fernández Rodríguez. M. en Turonium.
- 6 Garrido Rodríguez. J. *Fortalezas de la antigua provincia de Tuy*.
- 7 A. C. Tui. Tombo I, folio 157, doazón de Juan Moñiz. Galindo Romeo, P. Tuy en la Baja... "La villa Varrio que está sita in terra Toronio subtus mons Maugio (Mauxo?) discurrente rivulo Kameselia iuxta sancti Felices, es donada a principios del siglo XII al monasterio de Villaza situado en territorio sedis tudense ad increpidinem montis eirola discurrente rivulo Mincore".
- 8 Flórez. H., tomo XX. Apéndice X.
- 9 A.C. Tui. 1/7 e 1/8. Sandoval. P., páx. 130-131.
- 10 A.C. Tui. 3/11.
- 11 Fernández Rodríguez. Turonium.
- 12 A.C. Tui. 4/12.
- 13 A.C. Tui. 1/13. Galindo Romeo. docum. XXII. Fernández Rodríguez. docum. 13.
- 14 A.C. Tui, tomo 1, folios 99 e ss. docum. 1/14. ano 1499.
- 15 Avila y Lacueva. F. op. cit.
- 16 A.C. Tui. 1/13.
- 17 A. C. Tui. 1/14.
- 18 A.C. Tui. 1/7 y 1/8.
- 19 Avila y Lacueva. F. op. cit.
- 20 " "
- 21 Flórez. H. tomo XX. Apéndice XV.

BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA FERNÁNDES, A. DE. *Parroquias suevas e dióceses visigóticas*. Arouca. 1997.
- AVILA Y LACUEVA, F. *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. 1852. edición facsímil. 1995.

- CARRERAS CANDI, F., *Geografía General del Reino de Galicia* 1936.
- ESPINOSA RODRÍGUEZ, J., *Casas y cosas del valle Miñor* 1951.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M., *Turonium, aproximación a la historia de una tierra medieval*. Santiago de Compostela. 2004.
- FLÓREZ, FR. HENRIQUE, *España Sagrada*. Tomo XXII. Madrid 1767.
- GALINDO ROMEO, P., *Tuy en la Baja Edad Media*. 1923.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, J., *Fortalezas de la antigua provincia de Tuy*. 1987.
- Gran Enciclopedia Gallega*, Varios tomos.
- MASSÓ, G., *Pedro Madruga de Soutomayor, caudillo feudal*. Santiago de Compostela 1975.
- MENEZO, J.J., *Reinos y jefes de estado desde el 712*. Madrid.
- PALLARÉS MÉNDEZ E PORTELA SILVA, *El Bajo Valle del Miño en los siglos XII y XIII, economía agraria y estructura social*. Santiago de Compostela 1971.
- RECUERO ASTRAY, M. e outros, *Documentos Medievales del Reino de Galicia. Doña Urraca (1096-1126)*. Xunta de Galicia. 2002.
- “ “ “, *Documentos Medievales del Reino de Galicia. Alfonso VII (1126-1157)*. Xunta de Galicia. 1998.
- SANDOVAL, PRUDENCIO DE, *Antigüedad de la ciudad y iglesia cathedral de Tuy*. Braga, 1610. Edición facsímil de 1974.
- SOLIÑO TRONCOSO, e outros autores, *Gondomar. Historia, arte y territorio* 1995.
- TORRES RODRÍGUEZ, C., *La Galicia sueva*. A Coruña. 1982.
- Varios autores, *As covas de Vincios* 2006.

